



Guía Docente

Datos Identificativos					2020/21
Asignatura (*)	Avaliación de Políticas Públicas	Código	611532011		
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Economía				
Coordinación	Alló Pazos, María	Correo electrónico	maria.allo.pazos@udc.es		
Profesorado	Alló Pazos, María	Correo electrónico	maria.allo.pazos@udc.es		
Web	moodle.udc.es/				
Descrición xeral	O obxectivo desta materia é, por unha banda, entender a importancia da avaliación na xestión das políticas públicas e, por outro, aprender a realizar estudos de avaliación de impacto de políticas públicas en distintos ámbitos e contextos, e con distintas metodoloxías. A materia ten un enfoque práctico: o estudo de casos prácticos de avaliación.				



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>-Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>-Sesión maxistral</p> <p>-Proba mixta (computa na avaliación)</p> <p>-Estudo de casos (computa na avaliación)</p> <p>-Prácticas a través das TIC</p> <p>-Atención personalizada</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>-Non se realizarán cambios. Unicamente se levarán a cabo de xeito virtual.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>- Correo electrónico: Diariamente. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos casos prácticos.</p> <p>- Moodle/Faitic: Diariamente. Segundo a necesidade do alumnado. Dispoñen dos foros da materia para formular as consultas necesarias.</p> <p>- Teams/emeeting: Sesións en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos casos prácticos na franxa horaria que ten asignada a materia. Ademais, realizaranse as sesións que demande o alumnado en pequeno grupo.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>-Non se realizarán cambios</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>-Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>-Non se realizarán cambios.</p>
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer o marco institucional da economía. Identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado.	AM2	BM6 BM8	CM4
Capacidade de elaborar medidas de política económica para alcanzar uns obxectivos dados. Capacidade de xerar reflexións propias sobre problemas de natureza económica e os seus efectos sociais e éticos.	AM3	BM6 BM8	CM1 CM4 CM5



Fomentar a actitude crítica e autocrítica.		BM8	CM1 CM4 CM5
--	--	-----	-------------------

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Fundamentos de avaliación de políticas públicas.	1.1 A avaliación de políticas públicas no marco da nova gobernanza. 1.2. Conceptos básicos de avaliación de políticas públicas: tipoloxías de avaliación.
Tema 2. Cuestións metodolóxicas.	2.1 Monitoraxe e avaliación. 2.2 Avaliación cualitativa e cuantitativa. 2.3 Teoría básica de avaliación de impacto.
Tema 3. Avaliación de impacto de políticas públicas.	3.1 Aleatorización. 3.2 Metodoloxías de avaliación de impacto. 3.3 Ameazas e análises.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A3	10	0	10
Estudo de casos	B6 B8 C1 C4 C5	0	20	20
Proba mixta	A3 A2 B6 B8 C4 C1	1	9	10
Prácticas a través de TIC	A3 B6 B8 C1 C4 C5	5	20	25
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral, apoiada en medios audiovisuais, que inclúe conceptos teóricos e exemplos prácticos.
Estudo de casos	Seguimento da aprendizaxe do alumnado nas sesións programadas a través da súa participación nas mesmas e da realización e defensa dos casos propostos.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.
Prácticas a través de TIC	Os alumnos deben realizar, co apoio e dirección dos profesores, as aplicacións empíricas que lles sexan propostas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC Estudo de casos	Con carácter xeral e para todas as metodoloxías, ten como fin promover unha aprendizaxe autónoma dos estudantes e a resolución de problemas, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Tanto as titorías de grupo reducido, como as individuais ou grupais realizaranse de forma virtual.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A3 A2 B6 B8 C4 C1	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.	30



Estudo de casos	B6 B8 C1 C4 C5	Seguimento da aprendizaxe do alumnado nas sesións programadas a través da súa participación nas mesmas e da realización e defensa dos casos propostos	70
-----------------	----------------	---	----

Observacións avaliación

Requírense coñecementos de inglés, especialmente na comprensión lectora,

xa que unha parte do material que se facilitará ao alumno está nesta

lingua.

A cualificación final consta de dúas partes:

A.-Exame: 30% da cualificación.

B.-Estudo de casos: 70% da cualificación.

A nota agregada deberá ser igual ou superior a 5 puntos sobre 10 para poder superar a materia.

Os criterios de avaliación son os mesmos para a primeira e a segunda oportunidade de cada convocatoria, así como para a convocatoria adiantada.

No caso de non superar a materia na primeira oportunidade, pódese gardar a puntuación dos casos prácticos (parte B) para a segunda oportunidade, ou pódense recuperar os casos prácticos, que deberán presentarse tres días antes da data sinalada para a proba oficial.

No caso de alumnado con dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, empregárase a plataforma virtual e o correo electrónico como vehículo de comunicación principal para a xestión de contidos, atención personalizada e entrega de casos. Acordárase ao comezo do curso un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación, pero terán o mesmo deber de realizar actividades e probas de avaliación que o alumnado a tempo completo. A efectos de cualificación, a cualificación de non presentado corresponde ao alumnado cando só participe en actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación conseguida.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Agencia Estatal de Evaluación de las Políticas Públicas y la Calidad de los Servicios (2010). Fundamentos de Evaluación de Políticas Públicas.. Madrid: Ministerio de Política Territorial y Administración Pública. Agencia Estatal de Evaluación d - Khandker, S. R., Koolwal, G. B., y H. A. Samad (2010). Handbook on Impact Evaluation.. Washington: The World Bank.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Métodos Cuantitativos/611532004

Técnicas de Investigación/611532006

Técnicas Económicas/611532003

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recomendacións:1) A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:-Solicítase en formato virtual e/ou soporte

informático.-Realízase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.-De se realizar en papel: -Non se empregarán plásticos. -Realízanse impresións a dobre cara. -Empregárase papel reciclado. -Evítase a impresión de borradores.2)

Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberá incorporarse a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciárase a intervención en clase de alumnos e alumnas...).

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

